

## Adeus a Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

Luz Pozo Garza



Filla de Rosalía.  
Filla da túa naiçiña  
esposa de Xesús. Alonso. Montero

Adeus...  
Que a identidade túa  
sexa o espello dos máis. *LUZ*

Victoria tan querida:

Quixera que te acougues  
onde está Rosalía

Que lle achegues as flores  
que agora deseñei

Que compartades verbas  
e salmos e lembranzas

e a paixón polas fontes  
e a paixón polos ríos  
e a obstinación do mar

e as camelias fechadas  
para despois da morte

e a fábula tan fráxil  
de ámbalas dúas vidas...  
inda sen madurar.

Adeus. Adeus. Victoria.  
Chéganvos reiseñores  
das rexións obstinadas...

amorosos diluvios  
de beizóns e de bágoas  
fican no corazón.

Sempre en Galicia.  
Sempre  
Nunca te olvidaremos  
no unánime silencio  
que nos deixa sen voz...

